

1º apelido	2º apelido	Nome	Título	Organismo	Código axuda	Aplicación orzamentaria	Anos	Anualidade 2007 (€)	Anualidade 2008 (€)	Anualidade 2009 (€)	Anualidade 2010 (€)	Total (€)
Fernández	López	Alberto Ángel	Estudo ensamblaxe e determinación estrutural de compostos ciclotetrametálicos mono e polinucleares de paladio e platino. Aplicacións catalíticas e biolóxicas.	UDC	PGDIT07PXIB209070PR	10.02.561B.744.0	3	5.106,00	17.020,00	13.190,00	7.234,00	42.550,00
Fernández	Ramos	Antonio	Análise dinámica e estrutural da acción antioxidante da vitamina E.	USC	PGDIT07PXIB209071PR	10.02.561B.744.0	3	7.670,00	25.567,00	19.814,00	10.866,00	63.917,00
Castiñeiras	Campos	Alfonso	Sínteses, estrutura, propiedades e actividade biolóxica de complexos metálicos con tiocarbazonas funcionalizadas	USC	PGDIT07PXIB203068PR	10.02.561B.744.0	3	9.108,00	30.360,00	23.529,00	12.903,00	75.900,00
Devesa	Múgica	Jesús	Hormona de crecemento (gh), precursores hematopoiéticos de médula ósea e rexeneración de médula espinal tras dano medular en rata	USC	PGDIT07PXIB172186PR	10.02.561B.744.0	3	3.036,00	10.120,00	7.843,00	4.301,00	25.300,00
Álvarez	López	Jesús Antonio	Foliacións e pseudogrupos medibles; fórmula da traza e cohomoloxía intersección foliadas.	USC	PGDIT07PXIB207042PR	10.02.561B.744.0	2	4.267,00	19.200,00	19.198,00	0,00	42.665,00
García	Suárez	Luis Alberto	Síntese de compostos de interese farmacolóxico: isoschizogalina e análogos de equitamina	USC	PGDIT07PXIB209040PR	10.02.561B.744.0	3	8.970,00	29.900,00	23.173,00	12.707,00	74.750,00
Oubiña	Galiñanes	José Antonio	Estruturas xeométricas en teorías clásicas de campos e variedades homoxéneas	USC	PGDIT07PXIB207027PR	10.02.561B.744.0	3	4.112,00	13.708,00	10.624,00	5.826,00	34.270,00
García	Suárez	Carlos	Análise xenética mediante microarrays da depresión endóxica en <i>Drosophila melanogaster</i>	USC	PGDIT07PXIB200135PR	10.02.561B.744.0	3	2.504,00	8.346,00	6.468,00	3.547,00	20.865,00
Rodríguez	Prieto	María Flor	Dinámica e mecanismos do transporte molecular de protóns	USC	PGDIT07PXIB209084PR	10.02.561B.744.0	3	10.070,00	33.568,00	26.016,00	14.267,00	83.921,00
Bravo	Bernárdez	Jorge	Hidruro e hidruro estannil derivados de renio	UVIGO	PGDIT07PXIB314217PR	10.02.561B.744.0	3	6.348,00	21.160,00	16.399,00	8.993,00	52.900,00
Valcárcel	López	María Eva	Eugenio F. Granell e a vangarda hispanoamericana	UDC	PGDIT07PXIB104169PR	10.02.561B.744.0	2	5.175,00	23.288,00	23.287,00	0,00	51.750,00
Cabaleiro	Domínguez	José Carlos	Modelado de sistemas grid e do rendemento de códigos paralelos en grid: aplicación á simulación de dispositivos semicondutores e rendering de escenas 3d	USC	PGDIT07PXIB206024PR	10.02.561B.744.0	3	4.002,00	13.340,00	10.338,00	5.670,00	33.350,00
Pazos	Arias	José Juan	Keppan: metodoloxía formal para a coordinación proactiva de aplicacións distribuídas sobre redes ad-hoc de dispositivos móbiles	UVIGO	PGDIT07PXIB322007PR	10.02.561B.744.0	3	4.830,00	16.100,00	12.478,00	6.842,00	40.250,00
López	López	Vicente Ángel	Intanxibles e rendemento organizativo nos concellos galegos	USC	PGDIT07PXIB293256PR	10.02.561B.744.0	3	8.694,00	28.980,00	22.460,00	12.316,00	72.450,00
González	Seijas	Rosa María	A prevención das dificultades na aprendizaxe da lectura e da escritura a través da intervención en conciencia fonolóxica e velocidade en denominación en nenos de educación infantil e primeiro de primaria.	UDC	PGDIT07PXIB106245PR	10.02.561B.744.0	3	4.775,00	15.916,00	12.335,00	6.764,00	39.790,00
Ferro	Soto	Carlos	Viabilidade económica da explotación de ollomol (<i>Pagellus bogaraveo</i>) e cherna (<i>Epinephelus marginatus</i>) atendendo á localización e ás melloras tecnolóxicas habidas en medios de cultivo	UVIGO	PGDIT07PXIB300094PR	10.02.561B.744.0	3	5.796,00	19.320,00	14.973,00	8.211,00	48.300,00

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Decreto 206/2007, do 25 de outubro, polo que se declaran como zonas de especial interese agrario as comarcas de Ordes, A Terra Chá, A Limia, O Deza e O Baixo Miño.

A Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia, recolle nos seus artigos 2.2º e 3.11º que terán a condición de zonas de especial interese agrario (ZEIA) para os efectos de aplicación desta lei, aqueles ámbitos territoriais que, mediante decreto, determine o Consello da Xunta por seren necesarios para acadar unha axeitada xestión do *Banco de Terras de Galicia*.

O *Banco de Terras de Galicia* constitúe un instrumento fundamental para impulsar o medio rural, favorecendo a mobilidade das terras que están improduti-vas, evitando o seu abandono e a perda de superficie agraria útil.

A xestión do banco de terras pode favorecer a ampliación de explotacións existentes e impulsar o nacemento de novas explotacións supoñendo un importante medio de xeración de emprego no rural e remuda xeracional ao favorecerse a incorporación de xente moza ás actividades agropecuarias.

A ampliación da base territorial das explotacións permitirá unha menor dependencia de pastos e forraxes externos, así como a posible diversificación de cultivos, aumentando a capacidade produtiva das explotacións e a posibilidade de apertura a novos mercados para a comercialización dos produtos agrarios.

Obxectivos e finalidades que redundan nunha elevación do nivel de vida dos agricultores, abrindo e facendo atractiva a actividade agraria a novos sectores de poboación para o seu asentamento no rural, superando así o envellecemento e o abandono do agro galego.

A posta en valor dos predios agrarios infrautilizados, semiabandonados ou en grave situación de abandono, son unha potencial fonte de riqueza sobre a que o banco de terras debe incidir de xeito especial, poñéndoos á disposición das explotacións para establecer, ampliar ou dotarse dunha base territorial que mellore a súa competitividade e viabilidade técnico-económica e social.

Para acadar este obxectivo, a Xunta de Galicia procederá á declaración de zonas de especial interese agrario ata abranguer de xeito progresivo a práctica totalidade da superficie agraria do territorio galego.

Logo dunha primeira análise do territorio determináronse unhas zonas caracterizadas pola súa alta produtividade agrícola e gandeira posta de manifesto pola existencia de explotacións que o avalan ou polas propias características e potencialidade dos terreos ou zonas en que se localizan. Zonas que foran obxecto de concentración parcelaria ou que poderán selo no futuro, nas cales, a actividade agropecuaria, número de explotacións, plans de mellora, incorporación de mozos e mozas á actividade agraria, son factores que se tiveron en conta para a determinación de zonas de especial interese agrario que realiza este decreto.

Por todo o exposto, de conformidade coa proposta do conselleiro do Medio Rural e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e cinco de outubro de dous mil sete

DISPOÑO:

Artigo 1º

Declárase de especial interese agrario o solo rústico de protección agropecuaria situado dentro do ámbito territorial dos concellos seguintes:

-Comarca de Ordes: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.

-Comarca da Terra Chá: Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade.

-Comarca da Limia: Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Barrio, Vilar de Santos e Xinzo de Limia.

-Comarca do Deza: Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces.

-Comarca do Baixo Miño: A Guarda, Oia, O Rosal, Tomiño e Tui.

Artigo 2º

A estas zonas seranlles de aplicación os preceptos da Lei 7/2007, do 20 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do *Banco de Terras de Galicia*.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Consellería do Medio Rural para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e cinco de outubro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA

Resolución do 29 de outubro de 2007 pola que se convoca un curso sobre receptación e condutas semellantes.

Dentro das actividades programadas para o ano 2007, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, de creación da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a organización dun curso sobre receptación e condutas semellantes, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

-Coñecer os aspectos xurídicos relacionados coa receptación e o branqueo de bens.

-Dominar a operativa e a intervención policial que compartan estas cuestións.

Destinatarios.

O curso vai dirixido aos membros das forzas e corpos de seguridade en xeral.

Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente grauíta.

Prazas.

80 prazas.

Solicitudes.

1. O persoal que desexe participar neste curso deberá cubrir a solicitude que figura na páxina web <http://agasp.xunta.es>, ou enviar cuberta á máquina, ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo.

2. O prazo para a presentación de instancias rematará o día 15 de novembro ás 14.00 horas.

3. As instancias deberán enviarse á Academia Galega de Seguridade Pública, sita na avenida da Cultura, s/n, 36680 A Estrada; ou ben poden entregarse en calquera